

públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta delegación provincial

ACORDA:

Revogar a resolución desta delegación provincial do 20-11-2006 pola que se lle concedeu unha axuda a Natividad Leal Roma por importe de 448,18 euros para subvención en concepto de renda para o inicio da actividade.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante esta delegación provincial, todo iso de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 28 de novembro de 2007. P.D. Pedro Borrajo Rivas. Delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes atópanse no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo de Pontevedra en Vigo.

Vigo, 20 de maio de 2008.

Pedro Borrajo Rivas
Delegado provincial de Pontevedra

**EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS
AGRARIOS GALEGOS, S.A.**

Anuncio do 18 de xuño de 2008 polo que se fai pública a convocatoria e bases específicas II, para a selección e contratación de persoal temporal desta empresa pública entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de enxeñeiro técnico agrícola, perfil profesional de dirección e/ou xefatura de obra.

O director xerente de Seaga, en virtude das competencias atribuídas polo Consello de Administra-

ción, anuncia a aprobación da convocatoria e bases específicas II para a selección e contratación de persoal temporal da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga) entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de enxeñeiro técnico agrícola, perfil profesional de dirección e/ou xefatura de obra, derivada das bases xerais aprobadas por resolución do Consello de Administración en sesión que tivo lugar o 12 de novembro de 2007.

As bases están expostas na sede da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga), sita no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, CP 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga (www.epseaga.com).

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2008.

Xan Bautista Cambón Rodríguez
Director xerente da *Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.*

Anuncio do 18 de xuño de 2008 polo que se fai pública a convocatoria e bases específicas II, para a selección e contratación de persoal temporal desta empresa pública entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de licenciado en veterinaria, perfil profesional Programas de recuperación de recursos zoonéticos.

O director xerente de Seaga, en virtude das competencias atribuídas polo Consello de Administración, anuncia a aprobación da convocatoria e bases específicas II para a selección e contratación de persoal temporal da empresa pública de *Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga) entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de licenciado en veterinaria, perfil profesional Programas de recuperación de recursos zoonéticos, derivada das bases xerais aprobadas por resolución do Consello de Administración en sesión que tivo lugar o 12 de novembro de 2007.

As bases están expostas na sede da empresa pública de *Servizos Agrarios Galegos, S.A.* (Seaga), sita no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, CP 15890 Santiago de Compostela, e na páxina web de Seaga (www.epseaga.com).

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2008.

Xan Bautista Cambón Rodríguez
Director xerente da empresa pública de *Servizos Agrarios Galegos, S.A.*